

DOG nº35. 21 Feb de 2022. Orde 27 xan de 2022. Programa II TR340E. Incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de base tecnolóxica-IEBT

1. SUBVENCIÓN Á CREACIÓN DIRECTA DE EMPREGO ESTABLE. Art37

A creación de postos de traballo estables **indefinidos**, incluídos os dos propios promotores/ as, creados nun centro de traballo da C.A. de Galicia antes de transcorrer **1 ano desde data de inicio da actividade**, e que sexan ocupados por persoas **desempregadas** (rexistradas como demandantes de emprego no SPE e sen ocupación)

- Entre 6.000 e 20.000€ / posto subvencionable
 - 6.000€/ posto xeral
 - 8.000€/ posto: desempregados de Longa duración, Discapacidade ou Excl Social
 - 9.000€/ posto: persoas tituladas universitarias.
 - 10.000€/ posto: persoas con título de doutor.
 - 25% + Cada colectivo específico:
 - Muller
 - Centro de traballo en concello rural (todos excepto Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo)
 - >45 anos
 - Emigrantes retornados
 - Trans
- É requisito para poder ser beneficiario desta subvención que o cadro de persoal no **mes** en que se proceda á **primeira contratación por conta allea** este constituído como mínimo nun **25% por persoas con titulación universitaria**.
- Deberá existir correspondencia entre a categoría da titulación académica de tipo profesional que posúa a persoa contratada e a categoría profesional pola cal se contrata.
- Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo do traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.
- Cando a dedicación inicial realícese a tempo parcial e transfórmese a tempo completo, a empresa poderá solicitar a diferenza entre a contía que se percibiu inicialmente e a que corresponde por dedicación a tempo completo, sempre que dita modificación prodúzase dentro do primeiro ano de actividade.
- Non se concederá esta axuda cando se trate de persoas traballadoras que prestasen servizos na mesma empresa en virtude **de contrato temporal**.
- Esta subvención será **compatible, se é o caso, coas bonificacións á seguridade social** previstas na normativa estatal, sen que ambos os beneficios poidan superar o **70%** do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato obxecto de subvención. Será ampliable este límite ata o **80%**, cando a persoa traballadora contratada pertenza a un dos seguintes colectivos: persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas con discapacidade e persoas desempregadas que estean en situación ou risco de exclusión.
- Caso de empregado por conta allea. Xustificación nóminas.
- Socio Reg Autónomo. Só se comproba o alta (2 anos)

Serán subvencionables os contratos de traballo estables creados entre o 1 de outubro 2021 e o 30 de setembro de 2022 dentro do primeiro ano de actividade da empresa sempre que permaneza vixente a contratación no momento da súa solicitude.

2. SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DE ALTA CUALIFICACIÓN. Art 38

Contratación temporal máximo 12 mensualidades (entre 01/10/2021-30/09/2022) persoal con titulación universitaria prestar servizos nun centro de traballo de Galicia antes de que transcorra un ano desde a data de inicio da actividade.

Contía da subvención:

- 40% dos custos salariais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos.
- Máximo 1 ano e máximo 18.000 €

Quedan excluídos desta modalidade da axuda as contratacións realizadas cos titulares ou socios da empresa cualificada como iniciativa de base tecnolóxica, así como do cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade ata segundo grao inclusive. Titulación universitaria.

3. AXUDA PARA O INICIO E POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE Art.39

Axuda para os gastos para o inicio e posta en marcha de actividade entre 01/10/2021-30/09/2022, por cada emprego subvencionable.

Contía da subvención:

- 1 posto= ata 10.000€
- 2 postos = ata 18.000€
- A partir de 3 postos = ata 24.000€

(Condicionado aos postos subvencionados de xeración de emprego estable)

O importe da axuda non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables.

Gastos que sexan efectivamente xustificados mediante **facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pago** con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 30 de decembro de 2022 (xustificación pago).

Gastos, excluído o IVE:

- ❖ Honorarios de notaría e rexistro
- ❖ compra de mercadorías e materias primas
- ❖ Aluguer de local, aluguer de maquinaria e arredamento de equipos informáticos
- ❖ Gastos de seguro de local
- ❖ Publicidade
- ❖ Páxina web
- ❖ Posicionamento web
- ❖ Subministracións: Luz, tlf., auga, internet, gas

Tamén serán subvencionables nesta axuda os **cursos que a persoa promotora ou empresaria poida recibir para obter ou mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.**

4. SUBVENCIÓN PARA A **CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR DAS PERSOAS PROMOTORAS**. Art. 40

Axuda do **75 %** do **custo dos servizos de gardaría**, ata un **máximo de 3.000 euros**, para aquelas **persoas promotoras que teñan fillos ou fillas menores de tres anos**.

Axuda do **75 %**, **ata un máximo de 3.000 €**, do custo do **centro ou dos servizos de coidado de persoas maiores e/ou dependentes** (graos I, II e III) ou cun **grao de discapacidade** igual ou superior ao 33 %, recoñecidos pola Consellería de Política Social, sempre que respecto das cales acredite a súa relación de parentesco e, a **acreditación da convivencia no mesmo domicilio**, como mínimo, **durante os tres meses anteriores á data da solicitude**.

Artigo 47. Exclusiones

- a) Os empregos de persoas desempregadas que, nos **24 meses anteriores** á data de alta na SS, prestasen servizos mediante un **contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas** en que as **persoas promotoras** da empresa solicitante desempeñen o **control**.
- b) As persoas **promotoras** que, nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, estivesen de alta na Seguridade Social como traballadoras autónomas ou traballadores autónomos en actividade vinculada ao mesmo sector. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a **coincidencia a nivel de tres díxitos da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE)**.
- c) As empresas que desenvolvan **actividades empresariais que non coincidan** coas do **proxecto** previamente cualificado como iniciativa de emprego de base tecnolóxica.

Artigo 48. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

1. Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un **tempo mínimo de dous anos**, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberán acreditar de maneira que faga fe.

Os **gastos subvencionados** deberán poder **identificarse na súa documentación contable de forma separada**

2. cando, no período de dous anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o **cesamento dalgunha persoa traballadora** por quen se concedeu a subvención, están obrigadas no prazo de **dous meses a cubrir a vacante** cun tempo de dedicación igual ou superior ao anterior, o que deberá serlle **comunicado** ao órgano que concedeu a axuda. A nova persoa traballadora deberá pertencer a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa polos cales se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa e cumprir as demais condicións impostas no artigo 38 desta orde para poder ser contratada.

O órgano concedente resolverá e notificará a persoa interesada sobre a validez desta substitución nun prazo non superior a 3 meses desde a recepción da comunicación. A falta de validez da substitución considerarase incumprimento desde a data da súa realización nos termos establecidos no artigo 49.3.1.

Esta nova incorporación **non** dará lugar, en ningún caso, a unha **nova axuda**.

Transcorridos dous anos desde a data de inicio da súa actividade, as empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, presentarán dentro dos tres meses seguintes a vida laboral da empresa desde o inicio da actividade, incluídas todas as contas de cotización (informe de vida laboral dun código conta de cotización) e as **nóminas das persoas traballadoras subvencionadas correspondentes ás 24 mensualidades**.

Artigo 6. Réxime de axudas

Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime de minimis, deberase garantir que, no caso de axudas a empresas, de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime de minimis, non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais

TR340E - Programa II: Incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica-IEBT. Prazo de presentación: 22/02/2022 - **30/09/2022**
<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR340E>

Documentación para a presentación

Anexos asociados: Fase de solicitude

- Solicitude (**Anexo I-A**)
- Relación nominal das persoas incorporadas á empresa e declaración de empregos estables creados por persoas pertencentes ao colectivo de beneficiarios (**Anexo II-A**)
- Declaración expresa de outras axudas en réximen de mínimos (**Anexo III-A**)
- Relación de facturas xustificativas do investimento realizado e da axuda solicitada (**Anexo IV-A**)
- Memoria do proxecto empresarial (**Anexo V-A**)
- Comprobación de datos das persoas traballadoras contratadas (**Anexo VI-A**)

Documentación común

- Poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da persoa solicitante, no caso de actuar por medio de representante.
- Escritura de constitución e incrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas, no caso de persoas xurídicas.
- Alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Documentación específica

1. Subvención á creación directa de emprego estable:

- ❖ Declaración do número de empregos estables creados polos que se solicita subvención, indicando se son ocupados ou non por persoas tituladas universitarias (**anexo II-A**).
- ❖ Declaración da empresa na que se faga constar os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita a subvención (**anexo II-A**).

Documentación acreditativa da exclusión social, discapacidade ou dependencia recoñecida fóra de Galicia,

- ❖ Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa solicitante e ademais no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.
- ❖ Certificado de emigrante retornado, expedido polas delegacións ou subdelegacións do goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.
- ❖ Documentación xustificativa de ter obtido ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer, de ser o caso.

2. Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.

- ❖ Memoria descritiva da necesidade de contratación de técnicos/as de alta cualificación, número, perfís profesionais e funcións que se van realizar e custos laborais totais.

- ❖ Declaración da empresa na que se faga constar os custos salariais totais de cada persoa traballadora por conta allea pola que se solicita a subvención **(anexo II-A)**.
- ❖ -Comprobación de datos das persoas traballadoras contratadas **(anexo VI-A)**.

3. Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

- ❖ Memoria descritiva da actividade e relación detallada dos gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade, con indicación daqueles aos que se vai destinar a subvención.
- ❖ Listaxe asinada coa relación de investimentos realizados **(anexo IV-A)**.
- ❖ Facturas e , no caso de estar efectivamente pagadas, o correspondente xustificante bancario do seu pagamento ou, na súa falta, facturas proforma ou orzamentos dos provedores e acredores dos gastos obxecto da subvención.
- ❖ Declaración do número de empregos estables creados e relación nominal de traballadores **(anexo II-A)**.

4. Conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras:

- ❖ Libro de familia co nome das persoas titulares da familia e dos fillos e fillas menores de tres anos e nome, apelidos do cónxuxe. De ser o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia. No caso de axuda por coidado de maiores e /ou dependencia ou discapacidade, certificación da acreditación do grao de parentesco e acreditación do empadramento no mesmo enderezo.
- ❖ Listaxe asinada coa relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas xustificativas do gasto realizado e da axuda solicitada **(anexo IV-A)**.
- ❖ Documento acreditativo do custo da mensualidade da gardaría e/ou do centro especializado ou persoa coidadora, no caso de maiores e/ou discapacidade ou dependencia.
- ❖ Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento, das mensualidades xa aboadas na data da solicitude.

- **Comprobación de datos.**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. **No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta,** deberán indicalo e achegar unha copia dos documentos.

- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante, de ser o caso.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas -IAE
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificación de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán de indicalo no recadro correspondente no formulario correspondente e achegar os documentos correspondentes,

Consultaranse ademais os seguintes datos das **persoas traballadoras contratadas ou do cónxuxe da persoa autónoma**, cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente, o que deberán indicar no cadro sinalado no formulario correspondente:

- DNI ou NIE.
- Título universitario.
- Informe de inscrición no Servizo Público de Emprego.
- Informe da vida laboral.
- Contrato de traballo subvencionado.
- Certificado de discapacidade ou dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia da persoa traballadora contratada.
- Consulta de datos de residencia con data de última variación padroal da persoa traballadora contratada.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.